

nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2010, que se incorporan como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2010.

María Nava Castro Domínguez
Presidenta do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

Convenio	Importe €	Data
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Consumo e a Universidade da Coruña no eido do dereito de consumo e a arbitraxe de consumo.	28.250,00	22-6-2010
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Consumo e a Universidade de Santiago de Compostela no eido do dereito de consumo e a arbitraxe de consumo.	18.500,00	22-7-2010
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Consumo e a Cruz Vermella en Galicia para posibilitar a planificación e o desenvolvemento de actividades dirixidas a persoas en situación de especial vulnerabilidade.	0,00	25-6-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto Galego de Consumo para a realización dun proxecto para a implantación de desenvolvemento da educación para o consumo nos centros educativos.	92.500,00	24-6-2010
Acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Instituto Galego de Consumo co fin de formalizar unha sistemática de control referente ao leite producido en Galicia.	0,00	3-8-2010

Resolución do 25 de setembro de 2010 pola que se fan públicas as subvencións concedidas ás asociacións de consumidores no marco da Resolución do 30 de marzo de 2010 (Diario Oficial de Galicia número 68, do 13 de abril) pola que se convoca e se regula a concesión de subvencións para o ano 2010 ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de gastos correntes das súas oficinas de atención ao consumidor.

Na súa virtude, de acordo co establecido no artigo 21º das bases da citada convocatoria,

RESOLVO:

Facer públicas as subvencións concedidas ás asociacións de consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de gastos correntes das súas oficinas de atención ao consumidor durante o ano 2010, aos beneficiarios que se relacionan no anexo desta resolución e nas contías que se sinalan.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2010.

María Nava Castro Domínguez
Presidenta do Instituto Galego de Consumo

ANEXO **Asociacións de consumidores beneficiarias das subvencións para o financiamento de gastos correntes das súas oficinas de atención ao consumidor durante o ano 2010**

Organizacións beneficiarias	Subvención gastos correntes
Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios Caramiñas	10.000 €
Asociación de Consumidores e Usuarios Coeticor	10.000 €
Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios Monterroso	10.000 €
Asociación de Veciños Consumidores e Usuarios Centro Social, Cultural e Recreativo de Beade	10.000 €
Asociación de Consumidores e Iniciativa Social e Amas de Casa de Marín	10.000 €
Asociación de Consumidores A Xuntanza	10.000 €

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 28 de setembro de 2010 pola que se amplía o prazo de execución dos proxectos establecidos na convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de determinadas bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica.

O Consello de Dirección do Instituto Gallego de Promoción Económica (Igape), na súa reunión do 1 de marzo de 2010, acordou aprobar as bases reguladoras das axudas aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, e as bases reguladoras das axudas á reorientación e competitividade das pemes galegas, en parte cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013. Na súa reunión do 20 de abril de 2010 acordou aprobar as bases reguladoras das axudas do Igape para facilitar a análise empresarial das empresas galegas de cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB).

As bases reguladoras das axudas aos proxectos colectivos empresariais fixérónse públicas mediante Resolución do 15 de abril de 2010 (DOG nº 73, do 20 de abril). No punto cuarto do Resolvo establecéase que o prazo de execución dos proxectos non podería superar o 30 de setembro do exercicio correspondente á anualidade establecida na resolución de concesión. Este prazo ampliouse ata o 15 de outubro para os proxectos executados no ano 2010, manténdose o 30 de setembro para os proxectos que se executan no exercicio 2011, mediante Resolución do 7 de maio de 2010 (DOG nº 93, do 19 de maio).